

A Segunda República española (1931-1936)

En que consiste o proxecto democrático
e reformista da Segunda República?

Por que non conseguiu consolidarse?

Introdución

- A **Segunda República**, proclamada o 14 de abril de 1931
 - Supuxo a instauración dun **réxime plenamente democrático**
 - Puxo en marcha un **amplo programa reformista apoiado por republicanos e socialistas**
- Estas reformas
 - Suscitaron a **oposición dos sectores máis conservadores** da sociedade española
 - Foron paralizadas a finais de 1933 polo triunfo electoral da coalición de centro-dereita
- En 1936, a vitoria electoral da Fronte Popular provocou un levantamento militar
 - Foi apoiado polos partidos e organizacións de dereitas
 - Marcou o inicio da Guerra Civil



Proclamación da Segunda República na Plaza do Sol de Madrid, 14 de abril de 1931.

PERIODO CONSTITUINTE	BIENIO REFORMISTA		BIENIO CONSERVADOR		FRONTE POPULAR
1931	1932	1933	1934	1935	1936
<ul style="list-style-type: none"> 12 de abril Eleccións municipais 14 de abril Proclamación da República xuño Eleccións a Cortes Xerais. Triunfo electoral da coalición republicano-socialista 	<ul style="list-style-type: none"> xaneiro Disolución da Compañía de Xesús agosto Intento de golpe de Estado de Sanjurjo decembro Aprobación da Constitución. Goberno de Azaña 	<ul style="list-style-type: none"> enero Insurreccións anarquistas. "Casas Viejas" marzo Creación da CEDA 	<ul style="list-style-type: none"> outubro Fundación Falanxe Española novembro Triunfo electoral do centro-dereita. Sufraxio feminino decembro Goberno de Lerroux (Partido Radical) 	<ul style="list-style-type: none"> xuño Lei de Contratos de Cultivos declarada inconstitucional outubro CEDA no Goberno. Insurrección en Asturias. Enfrontamento co a Generalitat. Suspensión do Estatuto catalán. outubro Escándalo do estraperlo. Dimisión de Lerroux 	<ul style="list-style-type: none"> febreiro Triunfo electoral da Fronte Popular xullo Asasinatos do tenente Castillo e de José Calvo Sotelo 17 de xullo Inicio da insurrección militar
NICETO ALCALÁ - ZAMORA					MANUEL AZAÑA


1.- Por que unhas eleccións municipais trouxeron a República? (1)

- Os resultados das **eleccións municipais do 12 de abril de 1931**
 - Convocadas polo goberno do almirante Aznar
 - Adquiriron un carácter plebiscitario, de apoio ou rexeitamento á monarquía
 - Aínda que na maioría dos municipios rurais, dominados por caciques, se impuxeron as candidaturas monárquicas
 - Nas capitais de provincia e principais núcleos urbanos **triunfou a conxunción republicano-socialista**, partidaria da instauración dun réxime republicano
- Dous días despois, o **14 de abril**, Afonso XIII decidía
 - Acatar a vontade popular
 - Renunciar á potestade real
 - Abandonar España
- En Madrid, os representantes dos partidos asinantes do Pacto de San Sebastián
 - Constituiron un **Goberno Provisional, presidido por Niceto Alcalá-Zamora**
 - Formado por
 - Republicanos conservadores, de esquerda e radicais
 - Socialistas
 - Nacionalistas cataláns e galegos
 - Á marxe da coalición quedaban
 - A dereita monárquica
 - Os nacionalistas vascos
 - O obreirismo máis radical: comunistas e anarquistas

1.- Por que unhas eleccións municipais trouxeron a República? (2)

- **O Goberno decretou unha serie de medidas de extrema urxencia**
 - A concesión dunha amnistía xeral para os presos políticos
 - A proclamación das liberdades políticas e sindicais
 - A designación de altos cargos da Administración
- **Tamén convocou unhas novas eleccións municipais para finais de maio**
 - Coa intención de impedir que a Administración local de moitas vilas seguise baixo o control dos notables e caciques monárquicos
 - Estes comicios concluíron cunha esmagadora vitoria dos partidos da conxunción
- **O 28 de xuño celebráronse as eleccións a Cortes Constituíntes**
 - Concluíron cunha nova vitoria da conxunción republicano-socialista, que presentou unha única candidatura na maioría das circunscricións
 - Aínda que ningún partido conseguiu unha maioría para poder gobernar en solitario
 - O PSOE, con 116 escaños, converteuse no principal grupo parlamentario
 - Seguido polo Partido Republicano Radical de Lerroux, con 90 deputados,
 - E polas organizacións da esquerda republicana: radical-socialistas, Acción Republicana de Azaña, ERC e mais a ORGA galega
 - A dereita republicana de Alcalá-Zamora e Miguel Maura e os antigos monárquicos foron os principais derrotados
- **O executivo quedou en mans da coalición republicano-socialista**
 - Ratificou nos seus cargos o xefe do Goberno, Niceto Alcalá-Zamora, e mais os ministros do Goberno provisional
 - A primeira tarefa das novas Cortes era elaborar unha nova Constitución de carácter republicano

ELECCIONES MUNICIPALES (ABRIL 1931)





Por que os resultados das eleccións municipais conduciron á proclamación da Segunda República?

▼
Alegría nas rúas de Madrid tras a proclamación da Segunda República o 14 de abril de 1931.

As eleccións celebradas o domingo, revélanme claramente que non teño hoxe o amor do meu pobo. A miña conciencia dime que ese desvío non será definitivo, porque procurei sempre servir a España, posto o único afán no interese público ata nas máis críticas conxunturas. Un rei pode equivocarse e, sen dúbida, errei eu algunha vez; pero sei ben que a nosa patria se mostrou sempre xenerosa ante as culpas sen malicia.

Son o rei de todos os españois e, tamén, un español. Acharía medios sobrados para manter as miñas rexias prerrogativas, en eficaz loita contra os que as combaten. Pero quero apartarme de canto sexa botar un compatriota contra outro, en fraticida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos, porque máis ca meus son depósitos acumulados pola Historia, de cuxa custodia me han de pedir un día conta rigorosa.

Espero a coñecer a auténtica expresión da conciencia colectiva e, mentres fala a nación, suspendo deliberadamente o exercicio do Poder Real e afástome de España, recoñecéndoa como única señora dos seus destinos. Tamén agora quero cumprir o deber que me dita o meu amor á Patria. Pídoglle a Deus que, tan fondo coma min, o sintan e o cumbran todos os españois.

Manifiesto de D. Afonso de Borbón,
14 de abril de 1931.



▼
Viñeta do semanario
L'opinió, 13 de abril 1931.

Que decisión tomou o rei tras as eleccións?

Como a xustificou?

Como presenta a viñeta a súa partida ao exilio?



▼
Goberno provisional da Segunda República, integrado polos membros do Comité Nacional Revolucionario, abril de 1931. Abaixo, Azaña entre Lerroux e Alcalá Zamora.

- Como se formou o Goberno Provisional?
- Quen foi elixido presidente?
- Que partidos participaban nel?


Os sectores máis reaccionarios da xerarquía eclesiástica, encabezados polo arcebispo de Toledo e primado de España, cardeal Segura, manifestaron abertamente a súa oposición ao réxime republicano. Asemade, rexurdiu o anticlericalismo popular e, entre os días 11 e 12 de maio, algúns conventos e edificios relixiosos foron incendiados en varias cidades (Madrid, Sevilla, Cádiz, Murcia...).



▼
Ruínas tras a queima dun convento. Sevilla, 1931.

A que se debeu a onda anticlerical de 1931?

DOC.5 AS CORTES CONSTITUÍNTES (1931)



Que resultados deron as eleccións de xuño de 1931?
Que coalición obtivo máis escaños?

Resultados dos principais partidos nas eleccións do 28 de xuño de 1931

Partidos	Líderes	Nº de escanos
Partido Socialista Obreiro Español	Julián Besteiro	115
Partido Republicano Radical	Alejandro Lerroux	90
Partido Radical Socialista	Marcelino Domingo	61
Esquerra Republicana de Cataluña	Francesc Maciá	29
Acción Republicana	Manuel Azaña	26
Derecha Liberal Republicana	Niceto Alcalá Zamora	25

A República adveu en plena crise económica. Paralización dos negocios, barreiras aduaneiras, restrición do comercio exterior. (...) Pecháronse bastantes explotacións mineiras. Outras como as do carbón vivían en quebra. As industrias do ferro e do aceiro, aínda que modestas, equipáronse ben durante a guerra europea, pero xa non tiñan apenas outro cliente que o Estado. Os ferrocarrís, en déficit crónico, viñeron a peor, non só pola competencia do transporte do automóbil, senón pola decadencia xeral do tráfico. (...)

Por que Azaña valora no seu escrito que a República chegou en tempos difíciles?

Estas foron, e non os complots monárquicos nin os motíns anarquistas, as formidables dificultades que lle saíron ao paso á república nacente e comprometeron o seu bo éxito. Ningunha propaganda mellor que a prosperidade. Para un réxime recentemente instalado, e xa combatido no terreo político, a crise económica podía ser mortal. O Estado tivo que intervir, se non para atopar remedio definitivo, que non estaba ao seu alcance mentres a crise azoutase os pobos máis poderosos, para acudir ao moi urxente. Todas as intervencións do Estado nos conflitos da economía eran mal miradas, xa que se consideraban como os avances dun estatismo ameazador.

Cres que iso puido ter consecuencias para a estabilización do réxime?

Manuel AZAÑA: *Causas da guerra de España, 1939-1940.*

2.- O novo réxime republicano

- 2.1.- A Constitución de 1931
- 2.2.- Os debates parlamentarios
- 2.3.- O sistema de partidos e sindicatos

2.1.- A Constitución de 1931 (1)

- As Cortes Constituíntes inauguraron as súas sesións o 14 de xullo de 1931
 - Tanto nos traballos da comisión encargada de elaborar o anteproxecto como nos debates parlamentarios
 - Quedou de manifesto que a nova Constitución dificilmente sería un texto de consenso
 - Senón que respondería os criterios da maioría parlamentaria, formada por socialistas e republicanos de esquerda
- **A Constitución tiña un carácter democrático e progresista**
 - España foi definida como “unha república de traballadores de todas as clases sociais”
 - Reflectíase na renuncia á guerra como instrumento das relacións internacionais
- **O Estado configurábase de forma integral**
 - Pero aceptábase a posibilidade de constituír gobernos autónomos nalgúns rexións
- Tamén establecía
 - O principio da **soberanía popular**
 - A forma de goberno republicana
 - Unhas Cortes de carácter unicameral
 - Unha división de poderes moi acentuada
- O **poder lexislativo** residía no Parlamento
 - Cun claro predominio fronte ao Goberno e o xefe do Estado

2.1.- A Constitución de 1931 (2)

- O **Presidente da República**
 - Era elixido polos deputados e un número idéntico de compromisarios electos polos cidadáns
 - Tiña escasas atribucións
 - O seu mandato era de seis anos
- Recoñecíase unha **ampla declaración de dereitos e liberdades**
 - Existía unha preocupación polos temas sociais
 - Garantíase a igualdade absoluta perante a lei, a educación e o traballo
 - Garantíase a non discriminación por razón de orixe, sexo ou riqueza
 - Establecíase a educación primaria obrigatoria e gratuíta
 - Recoñecíase a facultade do Goberno para expropiar bens de utilidade social
 - Definíase o traballo como unha obriga social
 - Establecíase o voto dende os 23 anos
 - Por primeira vez, concedíáselles o voto ás mulleres
- Por último, afirmábase a **laicidade do Estado**: separación Igrexa-Estado
- Recoñecíase
 - O matrimonio civil
 - O divorcio




1. Explica as características da Constitución de 1931 e compáraa coa Constitución monárquica de 1876.



CONSTITUCIÓN DE LA REPÚBLICA ESPAÑOLA

1931





Constitución española de 1931 (1)

- Art.1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de liberdade e de xustiza (...). Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo. A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos municipios e das rexións (...).
- Art.2. Todos os españois son iguais ante a lei.
- Art.3. O Estado español non ten relixión oficial (...).
- Art.4. O Estado español, dentro dos límites irredutibles do seu territorio actual, estará integrado por Municipios mancomunados en provincias e polas rexións que se constitúan en réxime de autonomía. (...)
- Art.13. En ningún caso se admite a federación de rexións autónomas. (...)
- Art.25. Non poderán ser fundamento de privilexios xurídicos a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas, as crenzas relixiosas. (...)
- Art. 26. Todas as confesións relixiosas serán consideradas como Asociacións sometidas a unha lei especial. O Estado, as rexións, as provincias e os Municipios, non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, Asociacións e institucións relixiosas. Unha lei especial regulará a total extinción, nun prazo máximo de dous anos, do orzamento do Clero.
- Art. 27. A liberdade de conciencia e o dereito de profesar e practicar libremente calquera relixión quedan garantidos en todo o territorio español. (...)
- Art. 29. Ninguén poderá ser detido nin preso senón por causa de delito. Todo detido será posto en liberdade ou entregado á autoridade xudicial dentro das 24 horas seguintes ao acto de detención. (...)

Constitución española de 1931 (2)

- Art.31. Todo español poderá circular libremente por todo o territorio español. (...)
- Art.32. Queda garantida a inviolabilidade da correspondencia. (...)
- Art.34. Toda persoa ten dereito a emitir libremente as súas opinións, valéndose de calquera medio de difusión e sen someterse a censura previa. (...)
- Art.38. Queda recoñecido o dereito de reunirse pacificamente. (...)
- Art. 39. Os españois poderán asociarse ou sindicarse libremente. (...)
- Art.44. Toda a riqueza do país, sexa quen fora o seu dono, está subordinada aos intereses da economía nacional (...). A propiedade de toda clase de bens poderá ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade social mediante adecuada indemnización (...). Cos mesmos requisitos a propiedade poderá ser socializada (...).
- Art.46. O traballo (...) é unha obriga social e gozará da protección das leis (...).
- Art.48. A ensinanza primaria será gratuita e obrigatoria. A ensinanza será laica (...)
- Art.51. A potestade lexislativa reside no pobo, que a exerce mediante as Cortes e/ou Congreso dos Deputados.
- Art.52. O Congreso dos Deputados componse dos representantes elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto. (...)
- Art.90. Correspóndelle ao Consello de Ministros, principalmente, elaborar os proxectos de lei que haxa de someter ao Parlamento, ditar decretos, exercer a potestade reglamentaria. (...)
- Art.94. A Xustiza adminístrase en nome do Estado. (...) Os xuíces son independentes na súa función. Só están sometidos á lei.

2.2.- Os debates parlamentarios

- A definición e defensa dos dereitos sociais e individuais
 - Provocou **intensos debates entre dereitas e esquerdas**
 - Neles alcanzou especial relevancia a **regulación do dereito de sufraxio das mulleres**
 - Acabou coa implantación dun auténtico sistema de sufraxio universal en España
 - Doutra banda, tamén deron lugar aos máis acendidos debates parlamentarios a discusión dos artigos relacionados con
 - A **implantación do laicismo**
 - A prohibición das ordes relixiosas para impartir ensino
 - A expulsión dos xesuítas
- **A Constitución foi aprobada o 9 de decembro de 1931**
 - Tivo o rexeitamento absoluto dos partidos de dereitas e dos sectores católicos
 - Tampouco obtivo o consenso dos grupos republicanos máis moderados
- **Alcalá-Zamora**
 - Dimitiu da presidencia do Goberno por non estar de acordo co contido dos artigos sobre materia relixiosa
 - Foi nomeado **Presidente da República**
- **Manuel Azaña** substituíuno como **xefe do Goberno**

Eu non podo admitir, señores deputados, que a isto se lle chamase problema relixioso. O auténtico problema relixioso non pode exceder dos límites da conciencia persoal, porque é na conciencia persoal onde se formula e se responde a pregunta sobre o misterio do noso destino.

Este é un problema político, de constitución do Estado, e é agora cando este problema perde ata as semellas de relixión, de relixiosidade, porque o noso Estado, a diferenza do Estado antigo, que tomaba sobre si a tutela das conciencias (...) mesmo contra a súa vontade, polo camiño da súa salvación, exclúe toda preocupación ultra terrea (...)

Discurso de Azaña, 1931.

2. Con que argumentos se defende a laicidade do Estado?

Azaña nun mítin. ◀
Era un grande orador e defendeu nas Cortes a nova Constitución.



Os principais problemas que debe afrontar a República

- “A revolución política, é dicir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, ¡quen o dubida!, pero non fixo máis que suscitar e enunciar aqueles outros problemas que han transformar o Estado e a sociedade españois ata a raíz. Estes problemas, ao meu curto entender, son principalmente tres: o problema das autonomías locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas os inventou a República (...). Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, formúloa eu desta maneira: España deixou de ser católica”.
- **Manuel Azaña. Discurso do 13 de outubro de 1931**


2.3.- O sistema de partidos e sindicatos (1)

- **Entre os grupos de esquerda**
- Os **partidos republicanos**: radical-socialistas, azañistas, nacionalistas cataláns e galegos
 - Tiñan implantación entre as clases medias e intelectuais
 - Foron partidarios de grandes reformas
 - Pero non mantiveron posturas revolucionarias
- O **PSOE** era o partido máis sólido e estruturado
 - Contaba co apoio da UGT
 - Recollía boa parte do voto obreiro
 - A corrente socialdemócrata propoñía retrasar as formulacións revolucionarias: Besteiro e Prieto
 - A corrente revolucionaria representada pola UGT consideraba a República coma un camiño cara ao socialismo
- Máis á esquerda achábase o **PCE**
 - Xurdido da rama bolxevique do socialismo
 - En 1935 creouse o POUM, de tendencia antiestalinista
- No sindicato anarquista **CNT**, que en 1936 xa contaba cun millón de afiliados, enfrontáronse
 - Os trentistas
 - Defendían unha orientación máis moderada
 - Mostraban un certo apoio á República
 - A corrente máis radical
 - Formada por un sector revolucionario ao redor da **Federación Anarquista Ibérica (FAI)**
 - **Que defendía a vía insurreccional e armada**

2.3.- O sistema de partidos e sindicatos (2)

- As **opcións de centro ou centro dereita** estiveron representadas por
 - Os seguidores de **Alcalá-Zamora**
 - Sobre todo, o **Partido Republicano Radical**, PRR,
 - Que fracasou como proxecto político a partir de 1934
- **Á dereita**, o partido forte era a **CEDA** de Gil Robles, que defendía
 - A propiedade privada
 - Os intereses dos propietarios
 - O tradicional peso da Igrexa e do exército
- Cunha actitude claramente hostil cara á República, existían **grupos monárquicos** como
 - **Renovación Española**, que defendía abertamente a necesidade dun golpe de Estado
 - **Comuñón Tradicionalista**, CT, que agruaba os carlistas
 - Ambas formacións chegaron a acordos electorais
- Por último, pequenos **grupos de corte nacionalsocialista e fascista**
 - Crearon, en 1931, as **Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista**, JONS
 - Fundaron en 1933 **Falanxe Española**, dirixido por José Antonio Primo de Rivera
 - Ambos se uniron máis adiante
 - A súa ideoloxía era antidemocrática
 - Defendían sen concesións o nacionalismo español
 - Organizáronse en grupos paramilitares dispostos a enfrontarse cos militantes de esquerdas

DOC.3 PARTIDOS E ORGANIZACIÓNS OBREIRAS DA SEGUNDA A RÉPUBICA



3. Como se distribuían as diferentes tendencias políticas na Segunda República?
4. Enumera os principais partidos e nomea os seus dirixentes. Que posicións políticas defendían?

Partidos políticos na II República

	Partidaria de	Partidos republicanos	Partidos autonomistas	Partidos obreiros e sindicatos	Contrarios á República
ESQUERDA	<ul style="list-style-type: none"> • Laicidade do Estado • Democratización do exército • Reforma agraria • Dereitos sociais e laborais • Autonomía 	<ul style="list-style-type: none"> • Acción Republicana (a partir de 1934, Izquierda Republicana) (M. Azaña) • Partido Radical-Socialista (M. Domingo) • Ao Servizo da República (J. Ortega y Gasset) 	<ul style="list-style-type: none"> • Esquerra Republicana de Catalunya (F. Macià, Ll. Companys) • Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) (S. Casares Quiroga) 	<ul style="list-style-type: none"> • Partido Socialista Obrero Español (I. Prieto, J. Besteiro) e UGT (F. Largo Caballero) • CNT e FAI (F. Montseny, B. Durruti, F. Ascaso) • Partido Comunista de España (J. Díaz, D. Ibaruri) • Partido Obrero de Unificación Marxista (A. Nin, J. Maurín) 	
DEREITA	<ul style="list-style-type: none"> • Estado confesional • Privilexios do exército • Defensa da propiedade agraria tradicional • Contraria a reformas laborais • Estado unitario 	<p>Centro-dereita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Partido Radical (A. Lerroux) • Derecha Liberal-Republicana (N. Alcalá Zamora) <p>Dereita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Partido Agrario • Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA) (J. M.^a Gil Robles) 	<ul style="list-style-type: none"> • Lliga Regionalista (F. Cambó) • Partido Nacionalista Vasco (J. A. Aguirre) 	<ul style="list-style-type: none"> • Sindicatos católicos agrarios • Solidaridad Trabajadores Vascos (STV) 	<p>Monárquicos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Renovación Española (J. Calvo Sotelo) • Comunión Tradicionalista (antigos carlistas) <p>Autoritarios</p> <ul style="list-style-type: none"> • JONS (R. Ledesma, O. Redondo) • Falange Española (J. A. Primo de Rivera)

OS PARTIDOS POLÍTICOS E SINDICATOS A PARTIR DE 1931

	ESQUERDAS	DEREITAS
Partidos republicanos ou que aceptan a República	<ul style="list-style-type: none"> • Izquierda Republicana (Azaña) • Partido Radical Socialista (Domingo) 	<ul style="list-style-type: none"> • CEDA (Gil Robles) • Partido Radical (Lerroux)
Partidos autonomistas	<ul style="list-style-type: none"> • Esquerra Republicana de Catalunya (Macià, Companys) • Galeguistas, ORGA (Casares Quiroga) 	<ul style="list-style-type: none"> • Lliga Catalana (Cambó) • Partido Nacionalista Vasco (Aguirre)
Partidos contrarios á República		<ul style="list-style-type: none"> • Renovación Española (Calvo Sotelo) • Falange Española (X. A. Primo de Rivera) • JONS (Ledesma) • Comunión Tradicionalista (antigos carlistas)
Partidos e sindicatos obreiros	<ul style="list-style-type: none"> • PSOE (Prieto, Besteiro) • UXT (Largo Caballero) • CNT e FAI (Montseny, Durruti) • PCE ("Pasionaria") • POUM (Nin) 	



- ▶ Caricatura de Gil Robles aparecida nun xornal republicano, 1933.

3.- Como cambiou a Segunda República a vida das mulleres? (1)

- Na Segunda República, o **movemento feminista** logrou mobilizar unha minoría de mulleres que defendían a non discriminación por razón de sexo
 - **A Constitución de 1931 estableceu a igualdade entre homes e mulleres**
 - Aínda que a aprobación do dereito de sufraxio feminino enfrontou as únicas deputadas presentes nese momento nas Cortes: **Clara Campoamor, Vitoria Kent e Margarita Nelken**
 - A primeira era partidaria do voto feminino
 - Mentres que as outras, a pesar de militar en organizacións pacifistas
 - Argumentaban que sería un erro implantalo de inmediato pois beneficiarían os sectores máis clericais e reaccionarios
 - Debido a influencia da Igrexa entre a maioría das mulleres e o seu escaso nivel de instrución
 - Ao final impúxose a idea de que non era unha cuestión de oportunidade senón de elemental xustiza
 - **As mulleres puideron votar por primeira vez en España nas eleccións de 1933**
- Constituiron tamén **achegas moi destacadas a favor dos dereitos sociais e políticos das mulleres**, e do seu novo papel na sociedade, medidas como
 - A implantación do matrimonio civil
 - A prohibición de facer constar nos rexistros civís o carácter de fillo natural dos nados fóra do matrimonio
 - A aprobación do divorcio
 - A igualdade de acceso de homes e mulleres aos postos oficiais

3.- Como cambiou a Segunda República a vida das mulleres? (2)

- **Logrouse reducir o analfabetismo feminino** dende case un 60 % ata un 37 % grazas a
 - O impulso á creación de escolas
 - O maior acceso das nenas á educación
- No entanto, mesmo durante a Segunda República **mantivéronse situacións discriminatorias**,
 - Como reflicte a débil presenza de mulleres
 - No ensino secundario e universitario
 - No mundo laboral, con soldos moi inferiores aos que tiñan os homes
 - Na política
 - Por mor de
 - A brevidade da experiencia republicana
 - O arraigamento de prexuizos e dunha mentalidade tradicional
 - Incluso a coeducación no ensino primario tropezou coa forza do costume
 - Mantívose case sempre a separación por xénero nas aulas
 - Tamén as materias exclusivas para nenas, como as dos labores do fogar

Non hai moito oín unha conversación na que se dicían que a muller debe aspirar a ocupar os mesmos postos ca o home; engadindo que Cristo fixo iguais os dous sexos en intelixencia e deu unha mesma lei para os dous. Non quedei conforme con esta teoría e sen grandes esforzos, cheguei á conclusión de que o feminismo, tal como alí o pintaban, é pecado.

Deus considerou sempre o home superior á muller; a el foi a quen creou primeiro; cando maldixo os nosos primeiros pais, ao dirixirse a Eva, díxolle "que estaría suxeita ao home"; e cando elixiu Cristo os seus apóstolos, non elixiu nin unha soa muller, nin a nosoutras nos permite a Igrexa, intérprete fiel dos designios divinos, ser papas, bispos, nin sacerdotes (...).

Isto só demostra a desigualdade entre o home e a muller; pero velaquí outro argumento: os dous sexos teñen elevadas misións que cumprir; o home coa intelixencia, a muller co corazón. No momento en que a muller cambie o corazón pola intelixencia, queda subvertida a orde natural (...).

O noso sitio, a nosa misión, está no fogar. A rúa, tan só cando Deus, a Patria ou o Rei o necesiten.

*Artigo de El Observador (periódico tradicionalista),
1932 (tradución e adaptación).*

Que argumentos utiliza a autora do artigo para defender a desigualdade entre homes e mulleres?

Que papel debe desempeñar a muller na sociedade?

DOC.2

A REPÚBLICA TEN ROSTRO DE MULLER



- ▶ Cartel que chama á actividade e á participación política das mulleres, 1936.



▼
Cartel alegórico da Segunda República e fotografía dunha moza vestida de *Marianne*, Mallorca, 1932.



Eu non creo, non podo crer que a muller sexa un perigo para a República, porque eu vin a muller reaccionar fronte á ditadura e coa República. (...)

Resolvede o que queirades, pero afrontando a responsabilidade de dar entrada a esa metade do xénero humano na política, para que a política sexa cousa de dous, porque só hai unha cousa que fai un sexo só: dar a luz. As demais, facémolas todos en común e non podeades aquí vós vir legislar, votar impostos, dicir deberes, legislar sobre a raza humana, sobre a muller e sobre o fillo, illados, fóra de nosoutras.

*Discurso de Clara Campoamor
no Congreso, agosto de 1931.*

Explica en que consistiu o debate sobre a concesión do voto feminino.

Que argumentos se empregaron a favor e en contra segundo os textos?

Fíxate nos pasquíns e analiza que consignas se usaban para pedir o voto das mulleres

Eses 160 deputados que lles concederon o voto ás mulleres serán uns doutrinarios puritanos, pero son uns torpes republicanos. Nós non lle negamos o voto á muller en nome do seu dereito á liberdade, senón en nome da defensa da República. As mulleres poden ser dentro da República avogadas, catedráticas, deputadas e mesmo ministras, pero electoras, non. Só uns cantos pobos lles concederon o voto ás mulleres e na República española non é cousa de que por quixotismo idealista se apoie ou se confíe o voto feminino, que durante uns cantos anos será canalizado por curas, frades e monxas.

El Diluvio (*xornal radical de esquerdas*),
2 de outubro de 1931.

E coidado que, con gusto, en principio non aceptamos nós a concesión do voto á muller. Nós cremos que o lugar propio da muller, da súa condición, dos seus deberes, da súa misión na vida é o fogar. E parécenos mal que del a arranquen e que nela esperten ou fomenten vocacións que a atraian á rúa. Estamos certos de que é desgraciada unha sociedade onde a muller non se contenta con ser esposa e nai (...).

El Debate (*diario católico conservador*),
2 de outubro de 1931.

A satisfacción das dereitas

- E coidade que, con gusto, en principio non aceptamos nós a concesión do voto á muller. Nós cremos que o lugar propio da muller, da súa condición, dos seus deberes, da súa misión na vida é o fogar. E parécenos mal que sexa arrincada del e que nela se esperten ou fomenten vocacións que a atraian á rúa. Estamos certos de que é desgraciada unha sociedade onde a muller non se contenta con ser esposa e nai (...).
- Agora ben, ao defendermos o voto feminino puxemos sempre, sobre as conveniencias políticas, un ditado de xustiza. Temos por erróneo sistema o do sufraxio universal, inorgánico, individualista; establecido, parécenos inxustiza, e aínda unha ofensa grave, privar dese dereito á muller (...). De todos os xeitos, consideramos que a muller española, en gran masa, vén conservando as virtudes e mais as características raciais e históricas do noso pobo; que ten un moi ponderado bo sentido, que é magnífico elemento de conservación social. En suma, que a súa intervención política favorece á causa que nós servimos.
- **El Debate (diario católico conservador), 2 de outubro de 1931**

Ampliar o sufraxio

- A nosoutros non nos preocupa, non sentimos polo menos esa preocupación, o perigo para a República porque a muller teña dereito a votar. Isto é sinxelamente para nós abrir un novo campo ao traballo para sementar as ideas e formar máis fondamente a conciencia do noso pobo (...).
- Cando se promulgou o sufraxio universal, os traballadores vivían unha vida inferior, a súa incultura era enorme; aqueles que pensaron en implantar o sufraxio universal non repararon nos perigos que isto podería ter, porque sabían moi ben que implantar o sufraxio era abrir unha escola de cidadanía para ir formando a capacidade e a conciencia dos traballadores. O mesmo vai acontecer co sufraxio da muller.
- **Discurso de Manuel Cordero (deputado socialista), agosto de 1931**

A ironía das esquerdas

- Acabou xa aquilo de: un home, un voto
- Agora ocorrerá o seguinte: un home solteiro, un voto.
- Un casado en harmonía coa súa dona, dous votos.
- Un casado discrepante coa súa muller, unha papeleta en branco (se non se neutralizan)
- Un solteiro simpático e mullereiro, varios votos.
- Maurice Chevalier (actor e cantante francés moi popular), infinidade de votos.
- Un confesor, moitos máis votos que Chevalier.
- Varios confesores, un triunfo electoral.
- **El Heraldo de Madrid (diario liberal-republicano), 2 de outubro de 1931**

¡MUJER!... Tienes voto

Puedes salvar a España votando en las próximas elecciones a los Diputados Católicos, a los que defiendan tus verdaderos intereses, los más grandes que existen para ti, Mujer Católica y Española: los tres ideales de Religión, Patria, Familia.

Votarás y harás votar a tu familia, amigas, cono-
cidas.

¡¡POR DIOS!! ¡¡POR ESPAÑA!!

- ▶ Pasquins electorais de distintos partidos que reclaman o voto da muller.

MUJERES:

Las derechas han hecho aumentar el número de parados, y por lo tanto la miseria de muchos hogares.

Quieren la guerra y el fascismo. No les basta empobrecer al país y hacer una política de hambre, sino que desean lanzar al Pueblo a la catástrofe.

EL FRENTE POPULAR quiere la paz. Tiene un programa de reconstrucción nacional que acabará con el paro. Si votáis al **FRENTE POPULAR**, votáis la tranquilidad de vuestros hogares y defendéis la vida de vuestros hijos.

**¡POR LA LIBERTAD DE LA REPUBLICA!
¡VOTAD A LAS IZQUIERDAS!**

DOC.4 A lexislación republicana e as súas consecuencias

- ▶ Concesión de **derechos políticos** ás mulleres. Dereito ao voto, aumento da súa participación en partidos, sindicatos e asociacións. Maior número de mulleres en cargos públicos (alcaldesas e concelleiras).
- ▶ Reforma do **Código Civil** para igualar xuridicamente homes e mulleres. Non se suprime a incapacidade civil da muller casada.
- ▶ Ley de **matrimonio civil** e **divorcio**. Equiparan os dereitos de ambos os dous cónxuxes.
- ▶ Leyes **laborais** tendentes a diminuír a discriminación laboral. Apertura ás mulleres de profesións ata entón prohibidas (notaría, rexistradora da propiedade, procuradora dos tribunais...). Outros ámbitos seguen vetados (exército, policía, organización xudicial...).
- ▶ Dereito das mulleres para permanecer no traballo despois do matrimonio e a maternidade. Mantense a segregación laboral (menor categoría laboral das mulleres e menor soldo, en caso de desemprego ten preferencia o home).
- ▶ Coeducación e maior acceso das mulleres a todos os niveis educativos. Diminución do analfabetismo feminino.

Que leis favoreceron a igualdade entre sexos?

En que campos se mantivo unha evidente segregación?

The War Paper for Women

VOTES FOR WOMEN

OFFICIAL ORGAN OF THE UNITED SUFFRAGISTS

VOL. IX. (Third Series), No. 403.

FRIDAY, NOVEMBER 26, 1915.

Price 1d. Weekly (Postage)

VOTES FOR HEROINES AS WELL AS HEROES



Portada da revista Votes for Women, de 1915, onde se reivindica o dereito ao sufraxio feminino.

CONCESIÓN DO VOTO FEMININO

1893	Nova Zelandia
1902	Australia
1906	Finlandia
1913	Noruega
1915	Dinamarca
1918	Irlanda Polonia Reino Unido
1919	Alemaña Suecia Países Baixos
1920	Estados Unidos
1931	España

Concesión do voto feminino.

4.- O Bienio Reformista (1931-1933)

- A política de reformas, desenvolvida especialmente durante o **bienio de esquerdas**
 - Estivo impulsada polo goberno de Manuel Azaña
 - Baseouse na alianza entre a burguesía republicana de esquerdas e o obreirismo socialista
- No entanto, non foi só obra dun grupo de dirixentes ou intelectuais, senón de toda unha xeración de políticos
 - Dende ministros a modestos alcaldes e concelleiros
 - **Pretenderon modernizar e equiparar a España con países europeos máis avanzados**

Unha visión de Azaña

- “Manuel Azaña era o líder republicano menos coñecido polas masas o 14 de abril cando o Comité Revolucionario se fixo cargo do Goberno, pero era tamén o que tiña un coñecemento máis exacto dos grandes problemas nacionais do momento. Entre estes atopábanse a gran propiedade latifundista, o control da Igrexa católica sobre a política e a cultura [...] e a existencia dun Exército colonialista [...].
- [...] Como digo, seguramente Azaña tiña conciencia destes problemas coma ninguén, pero carecía de suficiente forza propia, dun partido forte que o sustentase, do apoio dunha burguesía emprendedora — inexistente — e, como recoñeceron moitos, do carácter e a coraxe que esixía a empresa [...].”
- **Santiago Carrillo rememora a figura de Manuel Azaña e o seu papel na Segunda República**

4.1.- Reformas socio-laborais e cuestión agraria (1)

- A chegada da República supuxo para o conxunto dos traballadores
 - A **aprobación dunha nova lexislación socio-laboral**
 - O seu artífice principal foi o socialista **Largo Caballero**
- Concretouse principalmente en
 - A **Lei de Termos Municipais**
 - A **Lei de Xurados Mixtos**
 - A **Lei de labor forzoso**
 - O establecemento da **xornada máxima laboral de oito horas**
- Estas normas entraron en vigor acompañadas dunha complexa pero eficaz lexislación
 - Pretendía mellorar e dignificar a situación dos traballadores do mundo rural e urbano
 - Xunto a estas reformas emprendéronse outras en materia comercial, fiscal, hidráulica, industrial e, por suposto, agraria
- A **Lei de Reforma Agraria** de 1932 foi o proxecto de maior envergadura
 - O seu obxectivo era **crear unha clase media rural**, propietarios das súas explotacións
 - Haberían de ser os que incentivasen a saída do atraso industrial, pola súa capacidade de aforro e consumo
- A lei permitía a expropiación sen indemnización das terras dunha parte da nobreza: os grandes de España
- Tamén permitía a expropiación indemnizando os seus propietarios das terras
 - Cultivadas deficientemente
 - As arrendadas sistematicamente
 - As que podendo ser regadas non o eran

4.1.- Reformas socio-laborais e cuestión agraria (2)

- A aplicación da lei encomendouse ao **Instituto da Reforma Agraria, IRA**
 - Contaba cun orzamento anual para indemnizar os propietarios expropiados
 - Encargábase de facilitar os asentamentos de familias campesiñas
- A reforma non tardou en converterse nunha decepción para o campesiñado pobre
 - Complexidades legais e burocráticas
 - Limitacións orzamentarias
 - A finais de 1933 só se expropiaron unhas 24 000 hectáreas
 - Só se asentaran a pouco máis de 4 000 campesiños, fronte aos 60 000 previstos
- Iso xerou **frustración entre un campesiñado que vía**
 - **Como se afastaba o día da tan ansiada repartición de terras**
 - Con el, as expectativas dunha rápida mellora das condicións de vida
- A lei contou coa **radical oposición dos grandes propietarios agrícolas**
 - Nalgunhas rexións concentraban máis do 50 % da terra
 - Tamén mostráronse reticentes milleiros de propietarios de leiras con menos de 100 hectáreas
 - Este grupo fixo causa común cos intereses dos grandes terratenentes, converténdose en inimigos da República

As primeiras medidas

- (...) Para evitar que se deixase sen traballo a moitos dos campesiños afiliados aos organismos obreiros, promulgouse o decreto do 28 de abril de 1931, que obrigaba a empregar en primeiro lugar os obreiros do termo municipal.
- Outro decreto de grande importancia foi o do 7 de maio do mesmo ano, chamado de “laboreo forzoso”, que obrigou os cultivadores de terras a realizar todos os labores propios dun bo cultivo, evitando deste xeito que –como así estaba acontecendo- deixasen de realizar moitas destas tarefas co fin de lles dar o menor traballo posible aos campesiños. Había algúns propietarios que, en represalia polo establecemento do novo réxime, lles dicían aos obreiros que comesen República.
- O primeiro de xullo decretouse a xornada de oito horas para os campesiños e o 31 de outubro refundiuse toda a lexislación anterior sobre arrendamentos e dispúxose a fixación de rendas por xurados (con propietarios e campesiños) axeitados.
- **P.Carrión: A reforma agraria da II República, 1973**
- **Que medidas inmediatas se tomaron?**
- **Cal era o seu obxectivo?**
- **Como reaccionaron os propietarios?**

O Instituto de Reforma Agraria promoverá a formación de organismos de crédito a fin de facilitarles aos campesiños asentados o capital necesario para os gastos de explotación (...) Serán susceptibles de explotación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos sempre que a súa adquisición se considere de interese (...).
5. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non ser explotadas directamente polos adquirentes e polas condicións persoais destes, deba presumirse que fosen compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda (...).
7. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).


Quedarán excluídas da adxudicación temporal e da expropiación as seguintes:

- a. Os bens comunais pertencentes ás vilas, as vías pecuarias (...).
- b. Os terreos dedicados a explotación forestal (...).
- d. As leiras que polo seu exemplar explotación ou transformación poidan ser consideradas como tipo de bo cultivo técnico ou económico (...).


Gaceta de Madrid, 21 de decembro de 1932.

1. Que obxectivos perseguía esta lei? Consideras que satisfacía as aspiracións do campesiñado? Por que resultou difícil aplicala?

A APLICACIÓN DA REFORMA AGRARIA



DOC.2 DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE DAS LEIRAS



Estudo de Pascual Carrión, para o Ateneo de Madrid, 1932.

PROPIEDADES DA GRANDEZA

Propietarios	Hectáreas
Duque de Medinaceli	79 146
Duque de Peñaranda	51 015
Duque de Vistahermosa	47 203
Duque de Alba	34 455
Marqués da Romana	29 096
Marqués de Comillas	23 719
Duque do Infantado	17 171
Conde de Romanones	15 171

Predios de máis de 200 hectáreas, catastro de 1932



A reforma agraria entre 1932 e 1934

	Predios	Extensión (ha)	Familias asentadas
Expropiados	468	89 133	8 609
Ocupados	61	27 704	3 651

Beneficios da reforma agraria

- “[...] O custo da reforma, xa o apreciamos, é duns 500 millóns de pesetas anuais durante un decenio, pero estas cantidades seranlle devoltas ao Estado polos mesmos cultivadores, e, canto ás melloras sociais, camiños, poboados, obras de rega, etc., tamén serán amortizadas co aumento de contribucións e impostos. [...]”
- A respecto dos beneficios sociais, non hai que ponderar o que supón que teñan ocupación todos os obreiros agrícolas desas provincias e que poidan levar unha vida modesta, pero que cubra as súas necesidades e lles permita ser verdadeiramente libres [...].”
- **Pascual Carrión, enxeñeiro agrario integrante da Comisión Técnica encargada de elaborar o anteproxecto de Lei de Reforma Agraria**

Mar Cantábrico

FRANCIA

ANDORRA

Mediterráneo

Mar

OCEANO ATLÁNTICO

ÁFRICA

A propiedade agraria e os movementos sociais cara a 1930.



- zona de propiedades medias con arrendamientos a curto prazo
- zona de propiedades medias con arrendamientos a longo prazo
- zona de grandes latifundios
- zona de minifundios
- zonas industrializadas
- gran difusión do socialismo
- gran difusión do anarquismo
- sen datos

4.2.- Igrexa e laicismo (1)

- Un dos primeiros obxectivos da República foi
 - **Limitar a influencia da Igrexa**
 - **Secularizar a sociedade española**
- A Constitución estipulou
 - A non confesionalidade do Estado
 - A liberdade de cultos
 - A supresión do orzamento do culto e clero
- Tamén se permitiron o divorcio e o matrimonio civil
 - Retiráronse os crucifixos das escolas
 - Secularizáronse os cemiterios
- O temor á influencia que as ordes relixiosas exercían especialmente na educación
 - Levou o Goberno republicano a prohibirles dedicarse ao ensino
- Ademais, a **Lei de Congregacións** de maio de 1933
 - Limitou a posesión de bens ás ordes relixiosas
 - Previu a posibilidade da súa disolución en caso de perigo para o Estado
- O enfrontamento máis grave produciuse cos xesuítas
 - Profesaban un cuarto voto de obediencia ao Papa
 - Foron acusados de depender dun poder estranxeiro
 - **A Compañía de Xesús foi disolvida**, e os seus bens, nacionalizados

Artigo 26. Todas as confesi3ns relixiosas ser3n consideradas como asociaci3ns sometidas a unha lei especial.

O Estado, as rex3ns, as provincias e os municipios non manter3n, favorecer3n, nin auxiliar3n economicamente as igrexas e instituci3ns relixiosas.

Unha lei especial regular3 a total extinci3n, nun prazo m3ximo de dous anos, do orzamento do clero.

Quedan disolvidas aquelas ordes relixiosas que estatutariamente impoñan, ademais dos tres votos can3nicos, outro especial de obediencia a autoridade distinta da lex3tima do Estado. Os seus bens ser3n nacionalizados e afectados (...) fins ben3ficos e docentes.

As demais ordes relixiosas someteranse a unha lei especial votada por estas Cortes Constituintes (...).

Constituci3n de 1931.

2. Cal foi a relaci3n entre a rep3blica e a Igrexa? Por que se opuxeron moitos cat3licos?

4.2.- Igrexa e laicismo (2)

- A posta en práctica das políticas laicistas provocou unha **forte polémica** nun país cunha gran masa de poboación católica
- A xerarquía eclesiástica, salvando excepcións como a do Cardeal Vidal y Barraquer, non dubidou en
 - Manifestar o seu antagonismo cara á República
 - Mobilizar os católicos na súa contra
- A **actitude manifestamente hostil do cardeal Segura e do bispo de Vitoria** provocou que o Goberno
 - Optase por unha medida de forza
 - Ditase a súa expulsión do territorio español
- A cuestión relixiosa afastou da República a unhas dereitas que
 - Máis que pola súa identificación coa extinta monarquía
 - Atoparon na defensa da súa moral, a súa ética e a súa fe católica un aceno de identidade
 - Capaz de aglutinar as clases conservadoras na súa oposición a unha república á que non tardaron en cualificar de roxa e atea

A oposición da Igrexa

- Cometeuse o grave e funesto erro de excluír á Igrexa da vida pública e activa da nación, das leis, da educación da xuventude, da mesma sociedade doméstica, con grave menosprezo dos dereitos sagrados e da conciencia cristiá do país.
- **Declaración colectiva do episcopado ante a nova Constitución, 20 de decembro de 1931.**

4.3.- A reforma militar (1)

- **A República pretendeu tamén reformar as institucións militares e policiais**
 - Desburocratizando unha institución vella e obsoleta
 - Que contaba cun número desorbitado de oficiais
 - Mal pagos
 - Con escasas posibilidades de promoción
 - Excesivo para as necesidades defensivas e estratéxicas do país
- Con iso pretendíase
 - **Asegurar a súa obediencia ao poder civil**
 - **Rematar coa tradicional intervención do exército na vida política**
- Con esta finalidade promulgouse a **Lei de Retiro da Oficialidade** en 1931
 - Ofrecíalles aos oficiais en activo a posibilidade de retirarse voluntariamente e en óptimas condicións
- Ademais,
 - Suprimíronse algúns rangos tradicionais
 - Reduciuse o número de unidades e oficiais
 - Pechouse a Academia Militar de Zaragoza, viveiro dos sectores máis golpistas do exército
 - Clausuráronse as Capitanías Xerais
 - Desapareceron os Tribunais de Honra e o Consello Supremo de Xustiza Militar
 - Desapareceu a prensa destinada ao exército
- A reforma militar foi recibida por algúns sectores
 - Sobre todo polos chamados africanistas
 - Como unha agresión á tradición militar e ao poder do exército


Decreto de fidelidade militar á República

- “A revolución de Abril, que por vontade do pobo instaurou a República en España, extingue o xuramento de obediencia e fidelidade que as forzas armadas da Nación prestaran ás institucións hoxe desaparecidas (...), vínculo de adhesión a unha dinastía ou unha persoa (...).
- Art. 1º. Todos os xenerais en situación de actividade ou reserva, e todos os xefes, oficiais e asimilados que non estean na de retirados ou separados do servizo terán que prestar (...) solemne promesa de adhesión e fidelidade á República”.
- **Decreto do 23 de abril de 1931. Gaceta de Madrid**

O exceso de oficiais

- É manifesto que en todas as escalas do Exército hai un enorme sobrante de persoal (...). A isto chegouse por consecuencia das guerras civís e coloniais, en virtude dun sistema erróneo no recrutamento da oficialidade. (...) Tal situación ha de concluír, e o Goberno atópase resolto a que conclúa.
- **Preámbulo do Decreto do 25 de abril de 1931.**

DOC.4 A REFORMA DO EXÉRCITO (1932)



M. ALPERT: *A reforma militar de Azaña*, 1982.

4.3.- A reforma militar (2)

- Quince meses despois da proclamación da República, algúns militares, co **xeneral Sanjurjo** á cabeza
 - Subleváronse en Sevilla
 - Protagonizaron o **primeiro golpe de Estado contra a República**
- Aínda que o levantamento fracasou
 - O Goberno puido controlar con relativa facilidade a situación
 - A **“Sanjurjada”** constituíu un serio aviso de que a lealdade do exército non estaba, nin moito menos, garantida
 - Sanjurjo foi condenado en consello de guerra á pena de morte
 - Foille posteriormente conmutada pola de prisión a instancias do executivo
- En materia policial, creouse a **Garda de Asalto**
 - Era unha forza de orde pública fiel á República
 - Especialmente preparada para intervir nas cidades
 - Estaba dotada de medios modernos de disolución das concentracións e manifestacións obreiras



▼
O xeneral Sanjurjo pasea polas rúas de Sevilla durante o golpe de estado, o 10 de agosto de 1932.

4.4.- A política autonómica (1)

- Aínda que os gobernantes de 1931
 - Defendían un Estado central forte
 - Concibían a España como unha unidade histórica e cultural
- Empezaron unha **reforma territorial** que lles permitise ás rexións con sentimentos nacionalistas
 - Ter unha organización propia
 - Acceder á autonomía
- En **Cataluña**, tras un primeiro intento de **Francesc Macià**, dirixente de Esquerra Republicana, de proclamar a República catalá
 - Iniciáronse negociacións co Goberno republicano que conduciron a
 - A formación dun goberno autonómico: a **Generalitat**
 - A aprobación polas Cortes dun **estatuto de Autonomía en setembro de 1932**
 - O réxime autonómico estableceu un goberno e un parlamento propios
 - Con competencias en materia económica, social, educativa e cultural
 - Recoñeceu a cooficialidade do catalán
- As primeiras eleccións lexislativas ao Parlamento catalán deron a vitoria a ERC
 - Francesc Macià foi elixido presidente da Generalitat, cargo que ocupou ata a súa morte en 1933
 - En 1933 foi substituído por **Lluís Companys**

Defensa da autonomía

- Non se pode entender a autonomía, (...) se non nos libramos dunha preocupación: que as rexións autónomas, non digo Cataluña, as rexións, despois que teñan a autonomía, non son o estranxeiro, son España, tan España como o son hoxe; quizais máis, porque estarán máis contentas. (...)
- (...) Votadas as autonomía, (...) o organismo de goberno da rexión, no caso de Cataluña, a Generalitat, é unha parte do Estado español, non é un organismo rival, nin defensivo, nin agresivo, senón unha parte integrante da organización do Estado da República española. (...)
- **Discurso parlamentario de Azaña, 1932**
- **Con que argumentos defendeu Azaña o Estatuto de Autonomía para Cataluña?**

Artigo 1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, con arranxo á Constitución da República e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat e o seu territorio o que forman as provincias de Barcelona, Xirona, Lleida e Tarragona.


Artigo 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña. (...) Dentro do territorio catalán, os cidadáns terán dereito a elixir o idioma oficial que prefira nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas clases, tanto da Generalitat como da República (...).

Artigo 14º. A Generalitat está integrada polo Parlamento, o presidente da Generalitat e o Consello Executivo.

As leis interiores de Cataluña ordenarán o funcionamento destes organismos, de acordo co Estatuto e a Constitución.

Gaceta de Madrid, 21 de setembro de 1932.

3. Que establecía o estatuto de 1932 para Cataluña?



**ESTATUT
DE
CATALUNYA**

EDICIO OFICIAL

1932

4.4.- A política autonómica (2)

- No **País Vasco**
 - Nacionalistas do PNV e carlistas redactaron, en xuño de 1931, un **proxecto de estatuto: o Estatuto de Estella**
 - Pero a súa aprobación atrasouse debido á oposición do republicanismo de esquerdas e dos socialistas, que consideraban o proxecto
 - En exceso confesional
 - Incompatible coa Constitución republicana
 - En outubro de **1936**, xa iniciada a guerra civil
 - **Aprobouse un estatuto**, froito dun consenso político entre nacionalistas, republicanos e socialistas
 - **José Antonio Aguirre**, principal dirixente do PNV, **foi escollido primeiro lehendakari**
- En **Galicia** o proceso estatutario foi moito máis lento
 - En xuño de 1936 someteuse a plebiscito un proxecto de estatuto
 - Pero non chegou a ser aprobado polas Cortes debido ao estalido da Guerra Civil



▼
Visita en maio de 1933 do presidente da República á localidade biscaíña de Guernika, "santuario da liberdade vasca", como reza na pancarta de benvida.

4.5.- A promoción do ensino e a cultura (1)

- **Á reforma do ensino dedicáronse moitos recursos**
 - A República emprendeu un plan de construción de miles de escolas
 - Iniciou a implantación dunha reforma baseada nos principios pedagóxicos da escola única ou unificada
 - Intentando consolidar un **ensino público, obrigatorio e gratuíto**
 - Optouse por un **sistema de educación laico**
 - **Introduciuse a coeducación**, suprimindo a separación dos alumnos nas aulas por razóns de sexo
- A dotación de novas prazas de mestres, máis de 3200 por ano
 - Multiplicou por tres as creadas durante a década anterior
- Nas formulacións educativas republicanas,
 - Os mestres eran un elemento esencial para estender os ideais do novo réxime
 - Porque estaban chamados a ser orientadores non só dos escolares, senón tamén dos adultos
 - Fundando bibliotecas
 - Organizando cursos e conferencias
 - Solicitando a creación de cooperativas ...

A reforma educativa

- “O Goberno provisional da República sitúa no primeiro plano das súas preocupacións os problemas que fan referencia á educación do pobo. A República aspira a transformar fundamentalmente a realidade española ata lograr que España sexa unha auténtica democracia. E España non será unha auténtica democracia mentres a inmensa maioría dos seus fillos, por falta de escolas, se vexan condenados a perpetua ignorancia.
- [...] Fundado nestas razóns, e a proposta do Ministro de Instrucción Pública e Belas Artes, o Goberno provisional da República decreta:
- Artigo 1.º Autorízase o Ministerio de Instrucción pública para crear, a partir do 1º de Xullo, 7.000 prazas de Mestres e Mestras con destino ás Escolas nacionais [...].”
- **Decreto de 24 de xuño de 1931**

Artigo 48. O servizo da cultura é atribución esencial do Estado, e prestáralo mediante institucións educativas enlazadas polo sistema da escola unificada.

O ensino primario será gratuíto e obrigatorio. Os mestres, profesores e catedráticos de ensino oficial son funcionarios públicos.

A liberdade de cátedra queda recoñecida e garantida. A república legislará no sentido de garantir-lles aos españois economicamente necesitados o acceso a todos os graos de ensino, a fin de que non se ache condicionado máis que pola aptitude e a vocación.


O ensino será laico, fará do traballo o eixe da súa actividade metodolóxica e inspirarase en ideais de solidariedade humana.

Constitución de 1931.

4. Que modelo educativo propoñía a República?

Unha educación pública e laica

- A educación pública é unha función de Estado. (...) Acéptase a existencia da ensinanza privada, sempre que non persiga fins políticos ou confesionais partidistas.
- A educación pública debe ser laica. A escola débese limitar a dar información sobre historia das relixións, con especial atención á relixión católica. (...)
- A educación pública debe ser gratuíta, especialmente nas ensinanzas primaria e media. A educación universitaria debe reservar un 25% de matrículas gratuítas.
- A educación pública debe ter un carácter activo e creador.
- A educación pública debe ter un carácter social (...) e manter relacións con pais, entidades profesionais e culturais etc.
- ***Lei de Instrución Pública, 1931.***



Aula de enseñanza primaria durante a 2ª República



4.5.- A promoción do ensino e a cultura (2)

- A reforma educativa provocou unha **forte reacción entre os sectores políticos e sociais máis conservadores**, especialmente por
 - A non obrigatoriedade do ensino da relixión católica nas escolas
 - O seu carácter laico
- Isto deu pé ao que se chamou a **guerra escolar**
 - Protestas impulsadas por
 - Entidades educativas confesionais
 - Asociacións de estudantes e pais de alumnos católicos
 - Estendéronse tamén ao ensino secundario e universitario
- A renovación educativa e cultural impulsada polos primeiros gobernos republicanos
 - Materializouse en iniciativas que pretendían facer posible o acceso á cultura a sectores tradicionalmente esquecidos polos poderes públicos
 - Impulsáronse, coa colaboración de numerosos intelectuais, as **Misións Pedagóxicas**
 - Creáronse bibliotecas e pinacotecas ambulantes, con charlas e conferencias sobre literatura española, teatro e danza clásica, ...
 - Tamén se abriron **Casas da Cultura** con bibliotecas estables
 - Fomentáronse as vacacións e as colonias de escolares de verán
 - Creáronse institutos para obreiros
 - Fixéronse iniciativas como o **Teatro Universitario La Barraca**, dirixido polo poeta Federico García Lorca

Padres de familia, haced vuestra esta consigna:

Queremos que se enseñe la religión en la escuela.
Porque somos cristianos, defendemos nuestra fe.
Porque somos ciudadanos, exigimos nuestros derechos.

•VERDAD Y LIBERTAD•

¿Sabes, obrero, lo que significa escuela única?

Pues significa que **no tendrás derecho a educar a tu hijo donde tú quieras** ni como tú quieras, sino donde quiera y como quiera el Estado.

¿Acaso no tienes derecho a educar a tus hijos dónde y como quieras?

Significa que no tendrás derecho a escoger para tu hijo la profesión que tú quieras, sino a aceptar la que el Estado le imponga.

Rodríguez, Giménez y Comp., Sevilla 1931

Panfletos difundidos por entidades católicas durante a guerra escolar.

As resistencias ao cambio

- Aos seus manexos foi debido o que (...) a nomeasen directora e poder así poñer en práctica por primeira vez no pobo a coeducación, aspecto escolar discutidísimo con anterioridade (...), atopando sempre a obstinada oposición á separación dos alumnos e alumnas (...), dos elementos afíns á súa tendencia política, xa entón marcadamente esquerdista.
- **Acusación a unha mestra tras a Guerra Civil, no Arquivo Xeral da Administración.**

Espallar a cultura

- Cando todo español, non só saiba ler, que xa é bastante, senón que teña ansias de ler, de gozar e divertirse, si, de divertirse lendo, haberá unha nova España. Por iso, a República empezou a repartir por todas partes libros e por iso tamén ao marcharnos vos deixaremos nós unha pequena biblioteca.
- **Presentación das Misións Pedagóxicas por Manuel Bartolomé Cossío, 1931.**



Acto cultural organizado polas Misiones Pedagógicas. San Martín de Castañeda (Zamora).



Membros do grupo teatral La Barraca, con Federico García Lorca á fronte

SABÍAS QUE... A SITUACIÓN AGRARIA

A **situación agraria** era especialmente problemática en **Andalucía e Extremadura**, onde existía unha concentración da propiedade en mans de poucos propietarios e moitos xornaleiros sen terras malvivían nunha situación de extrema miseria.

REFORMA MILITAR

- Lei de Retiros: posibilidade para aqueles militares non afectos á República de retirarse (acolléronse a ela case a metade dos oficiais).
- Redución do número de capitánxerais xerais.
- Peche da academia militar de Zaragoza.
- Cambio de destino dos militares máis hostís á República.
- Creación da Garda de Asalto, leal á República.

REFORMA RELIXIOSA

- Separación da Igrexa e o Estado.
- Regulación do matrimonio civil e lei do divorcio.
- Disolución da Compañía de Xesús.
- Supresión do orzamento público para manter o clero.

REFORMA EDUCATIVA

- Prohibición ás ordes relixiosas de impartir ensinanza.
- Construción de escolas públicas, ensinanza obrigatoria e laica.
- Aumento do orzamento para educación.

REFORMA TERRITORIAL

- Posibilidade para as nacionalidades históricas de estableceren estatutos de autonomía e gobernos autónomos:
 - En Cataluña estableceuse unha Generalitat provisional no ano 1931 e aprobouse un Estatuto de Autonomía.
 - No País Vasco, o Estatuto aprobouse en 1936 e creouse un Goberno Vasco.
 - En Galicia, a Guerra Civil impediu a aprobación dun Estatuto.

REFORMA AGRARIA

- Expropiación sen indemnización das terras dunha parte da nobreza (Grandes de España).
- Expropiación, pero indemnizando os seus propietarios, das terras cultivadas deficientemente, arrendadas sistematicamente ou que, podendo ser regadas, non o eran.
- Entrega das terras expropiadas a familias campesiñas (asentamentos).

PROCESO REFORMISTA

Reforma	Obxectivo	Oposición
Militar	Exército profesional e democrático	Xerarquía militar
Relixiosa	Secularización do Estado e da vida social	Xerarquía eclesiástica
Agraria	Redistribución da propiedade e mellora da situación do campesiñado	Terratenentes e grandes propietarios agrícolas
Territorial	Integración dos nacionalismos. Dereito á autonomía	Forzas políticas de dereitas e centro-dereita
Educativa	Mellora do nivel educativo. Ensino obrigatorio, público, laico e coeducación	Igrexa e sectores sociais católicos
Laboral	Mellora das condicións salariais e do traballo nas industrias e o campo	Forzas políticas de dereitas e organizacións patronais

5.- A crise da coalición de esquerdas (1)

- **As reformas emprendidas pola coalición republicano-socialista foron contestadas por diversos sectores sociais**
 - Por unha banda, mostraron unha forte resistencia ao proceso reformista a dereita e os grupos de presión: organizacións patronais, a Igrexa e o exército
 - Por outra, as reformas parecíanlles lentas e insuficientes á esquerda obreira: anarquistas e comunistas
 - Defendían a necesidade de levar a cabo unha reforma social inmediata
 - No medio, a opinión republicana de centro e de talante moderado alarmouse polo contido dalgunhas reformas emprendidas, como a relixiosa
- **As repercusións da crise económica de 1929 uníronse aos xa tradicionais problemas da economía española**
 - Paro agrícola
 - Repartición desigual da terra
 - Escasa competitividade
 - Déficit da balanza comercial ...
- **Ademais, a República xerou desconfianza entre o empresariado industrial e os grandes propietarios agrícolas**
 - O investimento privado tivo un afundimento espectacular

5.- A crise da coalición de esquerdas (2)

- Por outra banda, **a política de contención do gasto e equilibrio orzamentario adoptada polos gobernos**
 - Traduciuse nun incremento do paro
 - Había uns 600 000 desempregados en 1932, sen apenas protección social
- **A deteriorización da economía fixo aumentar**
 - **A conflitividade social**
 - As folgas, que a miúdo derivaron en motíns e conatos de insurrección
- A conflitividade alcanzou o seu punto álxido a partir de 1933
 - Cando aos intentos revolucionarios da CNT se sumaron os sectores máis radicais da UGT
 - Especialmente a través da Federación de Traballadores da Terra, que tiña máis de 450 000 membros
- Iso comportou un **incremento da violencia política**
 - En continuos choques coa forza pública en vilas e cidades
 - Nunha escalada de mortos, feridos e detidos
 - **Todo isto foi**
 - **Desacreditando a República**
 - **Erosionando a autoridade dos gobernos**
 - Azaña viuse obrigado a adoptar medidas moi duras para restaurar a orde pública
 - Nalgunhas ocasións, as forzas policiais asañáronse na **represión**

5.- A crise da coalición de esquerdas (3)

- A perda de popularidade e o desgaste da coalición de partidos que apoiaba o Goberno
 - Foron en aumento durante a primavera-verán de 1933
- **A colaboración entre republicanos e socialistas foi facéndose cada vez máis difícil** por mor de
 - O proceso de reorganización das dereitas
 - As repercusións do escándalo de Casas Viejas
 - Os reveses nas eleccións municipais parciais de abril
 - Os efectos da crise económica
- **En setembro, Alcalá-Zamora retiroulle a súa confianza ao Goberno**
 - **Nomeou a Diego Martínez Barrio presidente dun novo gabinete** coa finalidade de
 - Disolver o Parlamento
 - Convocar eleccións xerais
 - Foron fixadas para o 19 de novembro de 1933

5.1.- Os problemas económicos


- O **aumento dos salarios** decretado polo Goberno tivo efectos positivos sobre a economía
 - Ao elevar a renda dos traballadores
 - Aumentar a demanda de bens de consumo
- Con todo
 - Non se correspondeu cun incremento da produtividade
 - Fixo descender os beneficios empresariais,
 - Incrementando a desconfianza do empresariado industrial

EVOLUCIÓN DOS SALARIOS POR XORNADA*

Categoría	1930	1932	1934	1936
Metalúrxicos	6,34	6,62	6,98	7,23
Téxtiles	5,65	5,88	6,16	6,64
Ferreiros	5,61	6,07	6,66	6,68
Albaneis	6,14	6,59	7,06	7,31
Carpinteiros	6,08	6,45	6,60	6,71
* en pesetas				

A. DEL PRADO: *O movemento obreiro en Valladolid durante a Segunda República*, 1985.

INDICADORES DA CRISE



Explica a situación económica de España na etapa republicana


Que mostraban os principais indicadores económicos?

Explica as causas da crise diferenciando as conxunturais e as especificamente españolas

Paro		
Anos	Número de parados	
1932, xaneiro	389 000	
1932, xuño	446 263	
1933, decembro	618 947	
1934, decembro	667 898	
1935, decembro	674 161	
1936, xuño	801 322	
Folgas		
Anos	Número de folgas	Folguistas
1931	734	236 117
1932	681	269 104
1933	1 127	843 000
1934	594	741 303
1935	181	32 000
1936	1 108	271 000

Como afectou a crise á conflitividade obreira?

FOLGAS EN ESPAÑA (1931-1936)



5.3.- Os levantamentos campesiños

- No campo producíronse **enfrentamentos entre**
 - **Os campesiños descontentos pola demora da reforma agraria**
 - **As forzas de orde pública**
- Os sucesos máis violentos sucederon en
 - Castiblanco (Badaxoz)
 - Arnedo (A Rioxa)
 - Casas Viejas (Cádiz)
- Ocasionaron a morte de varias persoas

En Castilblanco, entre 11 e 12 da mañá, unha manifestación de máis de 500 persoas fixo acto de presenza nas rúas da vila enarborando unha bandeira vermella. Os gardas saíron ao seu encontro e os manifestantes recibiron a Benemérita con insultos e asubíos. Os gardas fixeron daquela varios disparos ao aire e naquel momento os revoltosos contestaron cunha descarga pechada, facendo máis de 200 disparos. Caeron cheos de balazos o cabo José Blanco Fernández (...). Tamén hai un paisano morto e outro ferido, non se sabe se o foron polos disparos dos gardas ou dos manifestantes.

Diario El Debate, 2 de xaneiro de 1932.

**A que se deberon os levantamentos campesiños de 1932?
Explica os sucesos de Castilblanco
Como actuaron os campesiños e as forzas de orde pública?**



▼
Campesiños asasinados polas forzas da orde pública en Casas Viejas, xaneiro de 1933.



Campesiños detidos pola Garda Civil tras o levantamento de Casas Viejas (Cádiz)

En que zonas de España tiñan máis forza cada unha das centrais sindicais

Aínda que a UGT radicalizou as súas posicións, foi a CNT-FAI a que viu na nova conxuntura republicana a ocasión idónea para o seu proxecto revolucionario e fomentou o enfrontamento co Estado para destruír a orde burguesa.

En 1932, os anarquistas propiciaron unha **sublevación mineira** en Cataluña (Alto Llobregat).



Que posicións adoptaron? Que consecuencias se derivaron dela?

Solidaridad Obrera

ÓRGANO DE LA CONFEDERACIÓN REGIONAL DEL TRABAJO DE CATALUÑA **AIT** PERIÓDICO DE LA CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO DE ESPAÑA
Año III-Ejemplar VI Barcelona, viernes 18 noviembre 1932 Número 134

A LOS TRABAJADORES

El parlamentarismo es la consagración de todas las miserias y de todas las infamias políticas

¡TRABAJADORES, PUEBLO TODO!

No votéis - Abajo el parlamentarismo

¡¡VIVA LA ACCION DIRECTA DE LOS TRABAJADORES!!

Cabeceira do xornal anarquista *Solidaridad Obrera*,
18 de novembro de 1932.

O programa da CEDA na orde político-relixiosa reclama a derogación das leis laicas e persecutorias da Igrexa, o réxime concordatorio, os dereitos da personalidade e da liberdade humanas (...).

Defende a institución familiar e, en especial, o fogar obreiro, mediante a implantación do salario familiar e seguros sociais (...), o dereito da familia á educación dos fillos e o recoñecemento do supremo maxisterio da Igrexa en materia de ensino (...). Esixe a abolición da coeducación (...).

En material social a CEDA rexeita a loita de clases. En materia económica e financeira, a CEDA condena a política de inspiración socialista.

Programa Fundacional da CEDA, en 1933.

Cales eran os ideais e mais os obxectivos da CEDA?

A que sectores sociais representaba?

Que posición tiña fronte ao sistema republicano?

Quen eran os seus dirixentes?



José Antonio Primo de Rivera e algúns simpatizantes de Falange desfilando co brazo en alto, símbolo do fascismo, en agosto de 1932.